

21 MAI. 2012

SAIDAN.º 5674

A Comisión de Plans de Estudo na súa sesión de 11 de maio de 2012 acordou o recoñecemento de créditos de libre elección para o curso/actividade que se cita e que se incluírá na oferta do curso 2012/2013. Lémbrolle que o curso/actividade terá unha vixencia de dous cursos académicos (para recoñecer os créditos, os alumnos), agás que o organizador renove a solicitude do dito curso/actividade. (o organizador ten que renovar a súa solicitude cada curso)

Código	Denominación	Nº cr.
512/203	Curso de Primeiros Auxilios	3
512/204	Curso de Salvamento Acuático	3
	Departamento de Educación Física e Deportiva. Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia	

A organización deberá garantir a asistencia ou o aproveitamento que deberá certificarse no diploma de asistencia/aptitude. Así mesmo deberá garantir que o diploma/certificado que emitan aos alumnos, como acreditación da súa asistencia, deberá conter os seguintes datos:

1.- A denominación do curso/actividade deberá ser a mesma que a solicitada á Comisión de Plans de Estudo, sen variación ningunha.

2.- No diploma acreditativo farase constar a data da súa emisión, así como as datas de realización do curso/actividade.

3.- Ten que aparecer reflectido no diploma o código asignado ao curso/actividade tal e como figura na carta de concesión da Comisión de Planos de Estudo, enviada ao solicitante

Os/as alumnos/as que desexen obter o recoñecemento de créditos deberán solicitalo na Administración do seu centro, para o que presentarán o orixinal e unha fotocopia do diploma de asistencia/aptitude que será cotexado polo/a administrador/a do centro.

Este recoñecemento queda suxeito ao límite do 25% do total de créditos de libre elección que corresponda cursar ao/á alumno/a, segundo o artigo 6.2 do Regulamento sobre a libre elección aprobado polo Consello de Goberno o 31 de maio de 2005.

A Coruña, 18 de maio de 2012

O presidente da Comisión de Planos de Estudo



D. Julio Abalde Alonso

FEDERACIÓN DE SALVAMENTO
E SOCORRISMO DE GALICIA

23 MAYO 2012

ENTRADA Nº 62Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia
R/ Hábitat, nº 8 Baixo Eqda
15172 Perillo Oleiros A Coruña